



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Expediente nº: 864/2023

Por Resolución da Alcaldía núm.: 2023-0504 de data 21 de xullo de 2023 aprobáronse as bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal, e a convocatoria para o acceso á contratación DUN (1) TRACTORISTA no marco do "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2023" incluído no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá, na sede electrónica municipal <https://concellodebecerreia.sedelectronica.gal> e na web <https://www.deputacionlugo.gal> (Reforzo do Emprego 2023).

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Becerreá, 7 de setembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2866

CERVO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de 7 de setembro de 2023, o expediente de modificación de crédito núm. 18/2023 por crédito extraordinario núm. 2/2023 do vixente Orzamento Municipal para 2023, que é o prorrogado de 2022, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas á Alcaldesa desta Corporación.

Cervo, 7 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2867

Anuncio

CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON RESERVA DO POSTO DE TRABALLO, DE UN (1) TRABALLADOR SOCIAL PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CERVO.

De conformidade co Decreto de Alcaldía número 2023-0858 de 11 de setembro de 2023, faise a convocatoria para o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, mediante contrato de duración determinada para a substitución de persoa traballadora con reserva do posto de traballo, de un (1) traballador social para o departamento de Servizos Sociais do Concello de Cervo.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web (www.concellodecervo.com).

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cervo, 12 de setembro de 2023. A alcaldesa; María Dolores García Caramés.

R. 2897

COSPEITO

Anuncio

Mediante Resolución núm. 2023-0656 o Sr Alcalde acordou, de conformidade co establecido nos artigos 23.3 da Lei 7/1985 e 44, 47 e 115 do Real Decreto 2568/1986, así como na Resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2023:

PRIMEIRO.- Designar como substituto nas funcións da alcaldía dende o día 5 ata o día 15 de setembro de 2023, ambos inclusive, ao primeiro tenente de alcalde: Don Iván Méndez Flores.

A substitución inclúe a totalidade das funcións de alcaldía, nos termos do artigo 23.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, durante o período de ausencia. Se delegan as facultades de dirección e xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros. O órgano delegado informará a esta Alcaldía, a posteriori, e en todo caso, cando se lle requira, da xestión realizada e das disposicións dictadas no período, e con carácter previo de aquelas disposicións de trascendencia, conforme ó establecido no artigo 115 do Real Decreto 1568/1986 de 28 de novembro.

No non previsto expresamente nesta Resolución aplicarase directamente o establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril e no Real Decreto 1568/1986 de 28 de novembro, en canto ás regras para a delegación que se establecen en ditas normas.

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios municipal así como no Boletín oficial da provincia de Lugo e comunicar en forma legal ó interesado.

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre de ditos nomeamentos para o seu coñecementos e efectos oportunos.

CUARTO.- A presente resolución entrará en vigor na data de hoxe, a partir da sinatura da presente resolución, sen perxuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Cospeito, 12 de setembro de 2023.- O Alcalde en funcións, Iván Méndez Flores.

R. 2906

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de aprobación inicial tanto do Anexo de Subvencións do Orzamento Municipal vixente coma do expediente de modificación das Bases de Execución do mesmo aprobados inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 03/08/2023, os mesmos considéranse definitivamente aprobados, o que se publica conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Folgoso do Courel, 7 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2868

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 13/2023 SC 02/2023), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 03/08/2023 por importe de 67748,86 euros, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

| Aplicación orzamentaria | | Descripción | Importe |
|-------------------------|-----------|--|-----------------|
| Programa | Económica | | |
| | 453.619 | Carreteras. Otras inversiones de reposición de infraestructuras y bienes destinados al uso general | 12513,48 |
| | 172.22799 | Protección y mejora del medio ambiente. Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales | 4409,96 |
| | 454.619 | Caminos vecinales. Otras inversiones de reposición de infraestructuras y bienes destinados al uso general | 5646 |
| | 334.22609 | Promoción cultural. Actividades culturales y deportivas. | 1360 |
| | 160.609 | Alcantarillado. Otras inversiones nuevas en infraestructuras y bienes destinados al uso general. | 2334,91 |
| | 432.619 | Información y promoción turística. Otras inversiones de reposición de infraestructuras y bienes destinados al uso general | 2403 |
| | 341.22609 | Promoción y fomento del deporte. Actividades culturales y deportivas. | 593,28 |
| | 150.22706 | Administración General de Vivienda y Urbanismo. Estudios y trabajos técnicos | 4800 |
| | 334.762 | Promoción cultural. A Ayuntamientos | 3321,23 |
| | 172.462 | Protección y mejora del medio ambiente. A Ayuntamientos | 4867 |
| | 172.466 | Protección y mejora del medio ambiente. A otras Entidades que agrupen municipios. | 15000 |
| | 231.48 | Asistencia social primaria. A Familias e Instituciones sin fines de lucro. | 500 |
| | 432.766 | Información y promoción turística. A Entidades que agrupen Municipios | 800 |
| | 920.466 | Administración General. A otras Entidades que agrupen municipios. | 300 |
| | 323.48 | Funcionamiento de centros docentes de enseñanza infantil y primaria y educación especial. A Familias e Instituciones sin fines de lucro. | 500 |
| | 338.48 | Fiestas populares y festejos. A Familias e Instituciones sin fines de lucro. | 2000 |
| | 326.48 | Servicios complementarios de educación. A Familias e Instituciones sin fines de lucro. | 1100 |
| | 326.48 | Servicios complementarios de educación. A Familias e Instituciones sin fines de lucro. | 1100 |
| | 231.48 | Asistencia social primaria. A Familias e Instituciones sin fines de lucro. | 1500 |
| | 326.48 | Servicios complementarios de educación. A Familias e Instituciones sin fines de lucro. | 2700 |
| TOTAL | | | 67748,86 |

ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

| Partida ingresos | Descrición | Euros |
|------------------|--|----------|
| 870.00 | Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais | 67748,86 |
| TOTAL | | 67748,86 |

Folgo do Courel, 7 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2869

A FONSAGRADA*Anuncio*

Procedemento: Delegación de competencias por substitución transitoria do Alcalde da Corporación

Expediente número: 525/2023

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Non sendo posible realizar as funcións propias da Alcaldía debido á situación de ausencia temporal do Presidente da Corporación durante o período de tempo que vai dende o día 14 ata o 24 de setembro do 2023, e de conformidade do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e conforme co previsto no artigo 63 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; procedeuse mediante resolución 2022-0264 á delegación da totalidade das funcións da Alcaldía deste Concello, no primeiro tenente de alcalde, Don Jose Gromaz Castro, 14 ata o 24 de setembro do 2023, ambos incluídos.

A Fonsagrada, 7 de setembro de 2023. O Alcalde, Carlos López López.

R. 2870

GUITIRIZ*Anuncio***DELEGACION DAS FUNCIÓNS DE ALCALDIA**

Por resolución de alcaldía nº 2023-0767 de data 7/09/2023 delegouse as funcións de alcaldía na primeira tenente de alcaldesa, dona Paula Campo Barral o día 11 de setembro de 2023, por ausencia da alcaldesa.

O que se publica de acordo co previsto no artigo 44.2 do RD 2568/1896, de 28 de novembro.

Guitiriz, 7 de setembro de 2023, A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2871

LÁNCARA*Anuncio*

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o día 5 de xullo de 2023 acordou aprobar o expediente de modificación de créditos 9/2023, concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito do orzamento xeral do Concello de 2023. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP nº 160 de Lugo de 13/07/2023 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

ESTADOS DO GASTOS

| | | |
|-------------|------------------------------------|--------------|
| Capítulo I | Gastos de Persoal | 783.163,18 |
| Capítulo II | Gastos en benscorrentes e servizos | 1.457.715,50 |

| | | |
|---------------|---------------------------|--------------|
| Capítulo III | Gastos Financeiros | 1.732,15 |
| Capítulo IV | Transferencias Correntes | 39.501,23 |
| Capítulo V | Fondo de Continxencia | 3.500,00 |
| Capítulo VI | Investimentos Reais | 1.395.389,20 |
| Capítulo VII | Transferencias de Capital | 21.000,00 |
| Capítulo VIII | Activos financeiros | 0,00 |
| Capítulo IX | Pasivos financeiros | 25.221,10 |
| | | 3.727.222,36 |

ESTADO DE INGRESOS

| | | |
|---------------|--|--------------|
| Capítulo I | Impostos directos | 625.628,74 |
| Capítulo II | Impostos indirectos | 25.000,00 |
| Capítulo III | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 320.925,92 |
| Capítulo IV | Transferencias Correntes | 1.271.199,09 |
| Capítulo V | Ingresos patrimoniais | 6.818,44 |
| Capítulo VI | Alleamento de investimentos reais | 0,00 |
| Capítulo VII | Transferencias de capital | 602.623,04 |
| Capítulo VIII | Activos financeiros | 875.027,13 |
| Capítulo IX | Pasivos financeiros | 0,00 |
| | | 3.727.222,36 |

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 7 de setembro de 2023.- O alcalde. Darío A. Piñeiro López.

R. 2872

SARRIA*Anuncio*

Aprobados inicialmente os expedientes de modificación de créditos, crédito extraordinario CE 3/2023, CE 4/2023, CE 5/2023 e suplementos de crédito SC 4/2023, SC 5/2023 do Concello de Sarria, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 31 de agosto de 2023, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente exponese ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presentalas reclamacións que estimen oportunas.

Os expedientes de modificación de créditos quedarán definitivamente aprobados se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 7 de setembro de 2023.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 2874

XOVE

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos número 13/2023

Tendo sido aprobado polo Pleno deste Concello o Expediente de Modificación de Créditos nº 13/2023 de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por acordo adoptado en sesión celebrada o 17 de abril de 2.023, non tendo sido presentada ningunha reclamación ao mesmo, dando cumprimento ao que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito expediente ascende a SEISCENTOS VINTE MIL EUROS (620.000,00 €) quedando o Estado de Gastos e Ingresos do OrzamentoXeral para 2.023 como de seguido se reflicte:

ESTADO DE GASTOS

| <u>CAPÍTULO</u> | <u>DENOMINACIÓN</u> | <u>IMPORTE</u> |
|-----------------|-------------------------------------|----------------------|
| | A) OPERACIÓNS CORRENTES | |
| 1 | Gastos de persoal | 3.467.957,03 |
| 2 | Gastos en benscorrentes e servicios | 3.488.222,27 |
| 3 | Gastos financeiros | 3.000,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 527.100,00 |
| | B) OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| 6 | Investimentos reais | 3.088.073,14 |
| | TOTAL GASTOS | <u>10.574.352,44</u> |

ESTADO DE INGRESOS

| <u>CAPÍTULO</u> | <u>DENOMINACIÓN</u> | <u>IMPORTE</u> |
|-----------------|---------------------------|----------------------|
| | A) OPERACIÓNS CORRENTES | |
| 1 | Impostos directos | 3.924.000,00 |
| 2 | Impostos indirectos | 1.400.000,00 |
| 3 | Taxas e outros ingresos | 588.104,20 |
| 4 | Transferencias correntes | 1.635.687,83 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 32.680,00 |
| | B) OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| 7 | Transferencias de capital | 445.526,46 |
| 8 | Activos financeiros | 2.548.353,95 |
| | TOTAL INGRESOS | <u>10.574.352,44</u> |

Segundo dispón o artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Texto Refundido, contra este Expediente poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Xove, 11 de setembro de 2023.-O Alcalde.- José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2892

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/37801

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Carlos, Manuel, Francisco, Carmen y Bernabé Gómez López

Nombre de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 0,5 l/s

Punto de emplazamiento: Sarceda, parroquia de Montecubeiro (San Cibrao)

Término Municipal y Provincia: Lugo (Lugo)

Destino: Riego

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Se realiza la captación mediante un pozo de barrena ubicado en la parcela 374 del polígono 5 desde el que se distribuirán las aguas para el riego de la parcela 366 del polígono 5.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Lugo, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 12 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2875

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/05923

Asunto: Solicitud de la novación de la concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Gonzalo Rodríguez González

Nombre de la captación: manantial Fonte de Pías

Caudal solicitado: 0,0147 l/s

Punto de emplazamiento: Gondar, parroquia de Gondar (Santa María)

Término Municipal y Provincia: Lugo (Lugo)

Destino: Usos domésticos y riego

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza a través de una zanja drenante en la que se coloca una tubería que conduce las aguas hasta una arqueta y desde ésta a un depósito del que parte la conducción a la vivienda y parcela a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Lugo, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 2 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2876
